

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE SETEMBRO

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00040991M.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local ordinaria do 9 de setembro e extraordinaria e urxente do 11 de setembro.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00013590C.

Licenza para realizar a mellora da envolvente térmica e enerxética do edificio da Consellería de Medioambiente sito na rúa de San Lázaro, 63-65.

Acórdase conceder á Consellería de Medio Ambiente licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico presentado o 14/09/2023 e o proxecto de execución presentado na data 29/11/2023 redactados polo arquitecto Angel Cid Carballo cun orzamento de execución material de 2.409.962,90 €, a mellora da envolvente térmica e enerxética do edificio da Consellería de Medioambiente sito na rúa de San Lázaro, 63-65 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00029904P.

Licenza para a instalación de ascensor e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

Acórdase:

Primeiro: conceder á comunidade de propietarios Patio de Madres 14 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria técnica redactada polo arquitecto Jose María Vicente Carou, presentado o 05/07/2023, con documentación complementaria de data 17/01/2024 e o proxecto de execución de data de visado do 24/05/2024, cun orzamento de execución material de 28.517,03 €, a instalación de elevador no edificio sito na rúa de Patio de Madres, 14. Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo: autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 21/08/224 solicitada pola comunidade de propietarios Patio de Madres 14 para a instalación de elevador no edificio sito na rúa de Patio de Madres, 14 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro: remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00035044S.

Licenza para a construción dunha piscina descubierta na rúa Ameneiral do Viso, 1.

Acórdase conceder a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña de data de visado do 19/07/2024 cun orzamento de execución material de 13.000,00 €, a construción dunha piscina descubierta na rúa Ameneiral do Viso, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00014361V.

Licenza de parcelación urbanística a agrupación e división de locais sitos no Centro Comercial Área Central.

Acórdase:

Primeiro: conceder licenza de parcelación urbanística a agrupación e división e de locais contida na escritura outorgada por PROMOCIONES INMOBILIARIAS CARBALLINESAS, S.A con data 21 de decembro de 2021 ante a notaria de Santiago Inmaculada Espiñeira Soto co número de protocolo 3063.

Segundo: Para o exercicio da actividade nos catro locais resultantes deberase presentar Comunicación previa de inicio de actividade xunto a Proxecto de actividade redactado por técnico competente.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2024/00031358D.

Licenza para a instalación de tella cerámica e sate en fachada dianteira e lateral no edificio sito en Avenida de Rodríguez de Viguri 11.

Acórdase conceder á comunidade de propietarios Rodríguez de Viguri 11 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado na data 12/07/2023 con documentación complementaria de data 20/11/2023 redactados pola arquitecta Susana Dosil Núñez cun orzamento de execución material de 10.361,50 €, a instalación de tella cerámica e sate en fachada dianteira e lateral no edificio sito en Avenida de Rodríguez de Viguri 11 Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00019393P.

Licenza para o proxecto basico de construción dunha vivenda unifamiliar con piscina no lugar de Verdía de Arriba 17.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico redactado pola arquitecta Iria Comoxo Gómez presentado o 18/04/2023 e documentación presentada nas datas 28/08/2023, 21/02/2024, 18/03/2024 e o 06/07/2024, cun orzamento de execución material de 186.200,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar con piscina no lugar de Verdía de Arriba 17 Santiago de Compostela (A Coruña).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2024/00017132C.

Adxudicación do contrato *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña.*

Acórdase:

Primeiro: adxudicarlle, por cumprir cos requisitos exixidos no PCAP, a CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL, o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña*, que presenta unha proposición económica de 74.515,63 € (base imponible de 64.888,95 € máis IVE do 21% por importe de 13.626,68 €).

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 74.515,63 € con cargo ás aplicación orzamentaria 070 93303 6320000.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00045780H.

Autorización do o inicio de trámites para proceder a recepción da “Obras para a instalación de alumado público na rúa das Estrelas”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción da “Obras para a instalación de alumado público na rúa das Estrelas”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

10. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00028420G.

Autorización da devolución da garantía en aval por importe de 73.701,23 euros constituída no alleamento do 65,52% da parcela R-2 situada no SUP-2 de Cornes

Acórdase autorizar a devolución da garantía en aval por importe de 73.701,23 euros constituída por CONSTRUCCIONES RUAFAER S.A no alleamento do 65,52% da parcela R-2 situada no SUP-2 de Cornes nº de aval 560-300-3409-0/81 (con nº de operación contable 3200070000712), figurando coma avalista a entidade CAJA DE AHORROS DE GALICIA.

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2024/00038405H.

Aprobación do proxecto de “Sala de usos múltiples do centro sociocultural de Rocha Forte”.

Acórdase aprobar o proxecto de “Sala de usos múltiples do centro sociocultural de Rocha Forte” asinado dixitalmente polos arquitectos Iago Seara Morales, arquitecto Colexiado COAG 457, e Juan Orozco Corredoira, arquitecto Colexiado COAG 4596 – con data 15/07/2024) coas seguintes condicións:

* ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 119.673,81 €

O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) 142.411,84 € (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)

O.B.L. + I.V.E. 172.318,33 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 6 meses.

12. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2024/00008514G.

Aprobación da revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Santiago

Acórdase aprobar a “Revisión do Plan de Mobilidade Urbana de Santiago”, elaborado pola entidade UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. e CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L.

O acordo de aprobación será publicado na páxina web do concello, xunto co documento do PMUS e a información e participación pública do documento ós efectos do disposto no artigo 16.d da Lei 27/2006, de 18 de xullo.

Unha vez aprobado e, de conformidade coa oferta presentada pola entidade redactora do documento, se levará a cabo unha xornada de divulgación do Plan aprobado, para darlle visibilidade ó traballo mediante unha presentación na que se expoñerán os obxectivos, o diagnóstico e Programa de actuacións.

13. COMERCIO. Referencia: 2024/00038255Y.

Aprobación das bases da convocatoria de axudas para actividades de promoción

e dinamización comercial, anualidade 2024 |

Acórdase:

Primeiro: aprobación da convocatoria das axudas á realización de actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2024.

Segundo: aprobación do gasto por importe de 85.000,00 Euros con cargo á aplicación orzamentaria 020 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Terceiro: publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións. |

14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00017699N.

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o “ Programa de Atención Bucodental a persoas en risco de exclusión social” pola contía de 10.000,00 € |

Acórdase aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2024 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para o “Programa de Atención Bucodental e persoas en risco de exclusión social” pola contía de 10.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800023, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2024 (artigos 31,32 e 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII). |

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2024/00028374S.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEFES GALICIA) de data 12/09/2024 para o financiamento do “Programa de atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión”. |

Acórdase tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEFES GALICIA) de data 12/09/2024 para o financiamento do “Programa de Atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión”. pola contía de SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €). |

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00040941R.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 138/2019 ca1 sobre denegación da licenza de legalización para a fachada do restaurante “La Galiciana”. |

Sentenza nº 181/2024

PA 138/2019 CA1

Obxecto: denegación da licenza de legalización para a fachada do restaurante “La Galiciana”

Sentenza parcialmente favorable ao Concello pois aínda que o recorrente pedía que se declarase a legalización das obras do restaurante “A Galiciana”, denegada polo Concello por non cumprir as condicións xerais de integración estética, o xulgado non accede á petición do demandante e unicamente ordena retrotraer as actuacións para que o Concello explique por que as obras non se adecúan ás condicións estéticas esixibles.

Acórdase: |

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución. |

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00033038Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 247/2023 CA2 sobre liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas |

Sentenza nº 149/2024
PO 247/2023 CA2

Obxecto: liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas.

Sentenza favorable para o Concello pois desestima o recurso presentado contra un decreto polo que se realizaba unha liquidación complementaria do ICIO (a resultas dunha inspección tributaria) por importe de 52.668,68 €. O demandante alegaba que a notificación electrónica se lle practicara incorrectamente pero o xulgado desestima totalmente a súa pretensión.

Acórdase: |

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir á Sección de inspección de tributos para o seu coñecemento. |

18. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00040991M.

Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellarías Delegadas. |

Acórdase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellarías Delegadas no período comprendido entre o 6 e o 12 de setembro de 2024. |

URXENCIAS

19. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2024/00014009W.

Licenza de OBRA NOVA para ampliación de Centro de Día e ocupacional na parcela DM2 do SUNP-14 de Tras Paxonal. |

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER a ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL SARELA, licenza de OBRA NOVA para ampliación de Centro de Día e ocupacional na parcela DM2 do SUNP-14 de Tras Paxonal sita na RÚA DE PEDRO CABEZAS GONZÁLEZ, 1, con referencia catastral 7356502NH3475E0001SA segundo Proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Manuel Barreras López co visado colexial de data 16/02/2024 e anexo con visado colexial de data 19/07/2024, cun orzamento de execución material de 675.500,00 €, baixo a dirección de obra do proxectista e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde do arquitecto técnico Javier Suárez del Río.

As actuacións consistirán na construción dunha edificación de tres plantas (S+B+1) para uso asistencial, cunha superficie construída total de 559,90 m² (440,96 m² útiles), ocupación en planta de 223,80 m² e altura de 8,60 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 3, de equipamentos públicos, do Plan de Sectorización do SUNP-14 de Tras Paxonal.

20. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2023/00036017A.

Apróbación da certificación final do contrato de obra “Repavimentación da Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo”.

Acórdase:

- 1.- Aprobar a certificación final das obras de Repavimentación da Praza da Nosa Mercé de Conxo. XOB/079/2022”, cun importe total (21% IVE engadido) de 120.478,93 € expedida pola empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.”
- 2.- Dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de repavimentación da Praza da Nosa Mercé de Conxo. XOB/079/2022”, cun importe total (21% IVE engadido) de 120.478,93 € expedida pola empresa FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L

21. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00035686V.

Apróbación certificación 9 Final - Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira)

Acórdase:

1. Aprobar a certificación 9 FINAL da obra de “Acondicionamento da antiga N- 634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I” .
2. Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación número 9 FINAL da obra “Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira) / Fase I”, coa correspondente factura número F/2024/2910 por importe de 25.569,62 euros, IVE incluído, expedida pola empresa ALCOMTE GALICIA S.L.